



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	---------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	____ / ____ / ____		Sexo:	☐ Home ☐ Muller	
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2023440001

Celga



4



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C4-A-IV-23



Proba A1

Vostede é unha persoa afeccionada á historia da comunicación e colabora esporadicamente nunha publicación periódica. Logo de ver esta reportaxe, decide escribir un **artigo** para a sección de cultura. No texto, de **400 palabras**, debe:

- Ofrecer unha panorámica sobre as revistas en galego no século XX e comentar as temáticas que trataban.
- Describir algunhas das características das revistas do século XXI que se mencionan na reportaxe.
- Dar a súa opinión sobre as perspectivas de futuro das publicacións en papel fronte a outros soportes.
- Destacar a importancia destes proxectos culturais para fomentar o uso e o prestixio da lingua e da cultura galegas.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede, sempre atento ás novidades tecnolóxicas, adoita colaborar no blog *Mulleres emprendedoras*. Logo de ler o seguinte artigo, decide publicar unha **entrada**. Neste texto, de **400 palabras**, debe:

- Explicar por que potenciar a ciencia e a investigación é fundamental para o desenvolvemento dunha sociedade.
- Presentar a Araceli Hermelo e indicar cal é a súa contribución ao sector da cosmética galega.
- Comentar como a empresa de Inés Rodríguez fusiona artesanía e tecnoloxía nos produtos téxtiles.
- Opinar sobre a presenza da muller no eido empresarial e da innovación na actualidade.

Dous exemplos de investigación e innovación galegas

A revolución espacial da cosmética galega

O espírito emprendedor dos galegos e das galegas continúa mantendo viva a relación existente entre a astronáutica americana e Galicia que xa iniciara o científico Benjamín Suárez, experto en fotografía xeométrica e altimétrica, aló polos anos sesenta.

Un claro exemplo atopámolo en Araceli Hermelo, que trae á nosa terra unha avanzada tecnoloxía da axencia espacial dos Estados Unidos. O resultado, un produto vangardista de coidado facial que xa se fixo un oco na lista de *Forbes* como un proxecto con potencial transformador.



Pero comecemos polo principio. Nacida no seo dunha familia que se dedica ao mundo da estética dende os anos sesenta, Araceli Hermelo medrou axudándolle á súa nai no salón de peiteado. Desde moi cativa, mostrou un crecente interese pola parte estética que xestionaba a súa tía Pilar, á que hoxe describe como unha «gran mestra». Foi ela a que lle transmitiu toda a súa paixón por esa disciplina.

Feitos os dezaseis anos, Araceli xa tiña claro cara a onde quería dirixir a súa carreira profesional e, ao tempo que acolleu con agarimo a tradición familiar, non deixou de formarse no sector da estética, así como de impregnarse das últimas novidades. Agora, e tras máis de 20 anos de experiencia investigando nos mellores laboratorios, tráenos unha revolucionaria máscara de fototerapia que sitúa o sector da cosmética galega na última vangarda e que demostra que beleza e tecnoloxía forman un tándem perfecto.

A Ylé Led Mask, que incorpora a avanzada tecnoloxía que a NASA emprega para cicatrizar rapidamente as feridas dos astronautas, é unha máscara que fai posible un dos desexos máis arraigados nos amantes do coidado da pel: introducir tratamentos profesionais propios de centros especializados nas rutinas diarias que levamos a cabo nos propios fogares. Convértese así nun potente aliado para previr e combater numerosos problemas relacionados co coidado facial, desde sequidade, grans ou acne, ata manchas, engurras e outros signos da idade.

A máscara ofrece tres modos de terapia baseados en luz LED segundo o tratamento específico que precisa cada pel. Desta forma, a luz azul permite eliminar a acne e as súas cicatrices e mellora a textura da cute; coa vermella, conséguense reparar peles envellecidas, aumentando a súa elasticidade e luminosidade e co LED combinado pódese aliviar a tensión muscular e reducir engurras.

Os resultados aprécianse desde as primeiras aplicacións e supera a eficacia das cremas mediante o uso da tecnoloxía infravermella, que permite chegar á derme sen necesidade de recorrer a tratamentos por inxección. Outro dos puntos fortes é o seu deseño sen fíos, pensado para adaptarse por completo á cara e facilitar así o seu uso doméstico. E non nos podemos esquecer de que se trata dun produto hipoalérxico que tamén serve para as peles máis sensibles.

A Ylé Led Mask, que xorde desde o corazón de Galicia para revolucionar o mundo da beleza, non é o último paso para esta liña de cosmética galega. Ylé Cosmetics xa está a traballar en dous novos produtos que, segundo a súa creadora, verán a luz neste mesmo ano.

A luz da artesanía

Rir&Co é un obradoiro da marca Artesanía de Galicia, vinculado desde o seu inicio aos tecidos e procesos innovadores. O traballo de investigación de Inés Rodríguez levouna a colaborar con deseñadores de moda, con prestixiosos cociñeiros e a contar cun dos seus tecidos artesanais na Materioteca de Galicia, que é un espazo de inspiración e servizos para a transferencia de materiais innovadores á industria.

As fibras son fundamentais nun tecido e tamén unha forma de diferenciarse nun sector tan tradicional coma este, por iso comezou facendo un curso de Fundesarte sobre novos materiais aplicados á artesanía. Descubriu así as novas posibilidades de xogar, investigar e fusionar a tradición téxtil con novos materiais para situar o seu traballo nun eido máis innovador. A continuación, procurou incorporar materiais máis sostibles.

Hoxe, no seu tear, Rodríguez espreme o potencial dos materiais de sempre e soña novas vidas para eles. Confía no potencial transformador do sector téxtil e, así, tece unha rede de luz, un novo material para vestir a arquitectura, un tecido co que alumear a noite. Neste camiño chegou a crear o seu propio material, como no caso do tecido Vagalume e das mantas D-leite.



Vagalume nace para resolver o medo nocturno da súa filla e fusiona os materiais innovadores cunha artesanía máis tradicional para crear novos usos. O resultado foi asombroso e o tecido funcionaba en campos como a iluminación, a escenografía ou a arquitectura.

As mantas D-leite están elaboradas con fibra de proteína láctea, que se empregaba en países coma O Xapón ou Os Estados Unidos. A manta de bebé como produto responde ás súas calidades de hipoalerxenia, coidado e suavidade, e o seu cheiro lévanos á nosa etapa de lactación materna.

Estamos ante un claro exemplo de innovación social, xa que Inés pon no centro as persoas e os seus deseños están pensados para quen consome o produto; alén diso, fomenta a economía creativa, ligada á artesanía e ao territorio, e promove os valores culturais e sociais do devandito territorio.

Texto adaptado da revista *Coralia*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

